



Sección Sindical PSA-Peugeot-Citroën

¿VOLUNTARIOS/AS...?

...Persoa que se ofrece libremente a facer unha cousa a que non esta obrigada.

Isto é a doutrina que tódalas leis democráticas definen sobre esta importante palabra de ser VOLUNTARIO/A.

A nosa Dirección a traveso da súa xerarquía fainos chegar como teñen contemplado no seu dicionario esta mesma palabra.

Estes días e co fin de alongar a xornada diaria a 10 horas, que como sabemos son horas que terían que facer os traballadores que se mandaron o paro fai poucos meses, a Dirección despois de publicar o resultado dunha “enquisa” da que nos temos outros datos moi diferentes, hoxe non hai mais que darse unha volta polas Liñas da M.2 para deducir cal é o dicionario que a Dirección tivo que empregar para que lle cadrasen esas cifras do 80%.

Para eles “Voluntario/a” significa:

...tienes que venir si no atente a las consecuencias.

...con el tipo de contrato que tienes te podemos poner en la p....calle.

Podíamos engadir outras lindezas, pero consideramos que estes dous exemplos son o suficientemente significativos como para darnos conta de como ante uns *fins insolidarios xustifícanse os vellos medios*, propios da era franquista como é vulnerar as nosas liberdades individuais, que tanto nos custaron lograr.

A Dirección sabe que os traballadores/as son conscientes de cando teñen que facer un esforzo voluntario, non é este o caso.

Por elo a C.I.G. pide RESPECTO, que se desterre do dicionario deste Centro a cultura da coacción, e reiterar de que o traballo se reparta, estamos en débeda cos que se mandaron a calle. Nos así o entendemos e a Sociedade tamén.

Confederación Intersindical Galega